

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 30.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de xuño de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencias en relación á Proposición de Lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética de:

- D.^a Rosa María Regueiro Ferreira, ás 10.30 horas.
- D. Ínigo del Guayo Castiella, ás 12.00 horas.

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 955 (10/POC-001895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos ás empresas multinacionais que se instalaron en Galicia na novena lexislatura para desenvolver proxectos de I+D+i, así como as subvencións e axudas públicas que recibiron
- 2.2 1013 (10/POC-001896)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos á potencia eólica instalada en Galicia desde xaneiro de 2009 ata o 10 de novembro de 2016
- 2.3 2718 (10/POC-001897)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Torrado Quintela, Julio
Sobre a relación das subvencións e outro tipo de axudas públicas concedidas pola Xunta de Galicia á empresa Mar de Silleda, S. L., (Baiona-Pontevedra) dende xaneiro de 2009 ata a actualidade
- 2.4 3720 (10/POC-001890)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a recuperación económica e o fomento do emprego no pequeno e mediano comercio

- 2.5 5786 (10/POC-001898)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o proceso e os criterios seguidos para a elaboración dos proxectos presentados polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no financiamento vinculado ao Plan de estímulo á economía europea, coñecido como Plan Juncker, así como a participación da Xunta de Galicia e dos axentes económicos privados no seu deseño
- 2.6 6429 (10/POC-001891)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación
- 2.7 6837 (10/POC-001892)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a relación de polígonos industriais que se van dotar de redes de banda larga ultrarrápida dentro do Plan de banda larga de Galicia 2020, así como a dos que van dispor de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018
- 2.8 7003 (10/POC-001899)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos ás axudas concedidas polo Goberno galego a todas as empresas do grupo Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016
- 2.9 7022 (10/POC-001901)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación do impacto que tería no sector naval galego a proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma, a súa posición en relación co apoio ao sector, ante o anuncio de posibles investimentos desa frota, e as principais liñas de apoio que conformarían esa estratexia, así como o mantemento de contactos cos diversos organismos europeos e

do Goberno central ao respecto

- 2.10 7254 (10/POC-001894)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas no ano 2016 nos albergues turísticos e públicos existentes en cada unha das provincias galegas, especificadas por concellos
- 2.11 8130 (10/POC-001902)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das actuacións inseridas no convenio de colaboración asinado co Concello de Ourense para o desenvolvemento dun plan integral de mellora das infraestruturas no polígono industrial das Coíñas, o cronograma dese plan e as medidas que vai levar levar a cabo en materia de prevención de riscos laborais, así como a posta en marcha na X lexislatura de plans de mellora noutros polígonos industrias da provincia
- 2.12 8447 (10/POC-001903)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a presentación do proxecto para a posta en marcha dun ecobarrio sustentable na Ponte, en Ourense, o orzamento que vai destinar e as axudas e os fondos europeos que vai solicitar para ese fin, así como as axudas que vai establecer para os veciños e a súa estimación respecto do volume de aforro enerxético que se vai acadar con ese proxecto

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández, na data 27/06/2017 13:35:59

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencias en relación á Proposición de Lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética de:

- D.^a Rosa María Regueiro Ferreira, ás 10.30 horas.
- D. Ínigo del Guayo Castiella, ás 12.00 horas.

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 955(10/POC-001895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás empresas multinacionais que se instalaron en Galicia na novena lexislatura para desenvolver proxectos de I+D+i, así como as subvencións e axudas públicas que recibiron



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 955
Data envío: 09/11/2016 15:48:47.455



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Cales foron as multinacionais que se instalaron en Galicia na pasada lexislatura para desenvolver proxectos de I+D+i? Detallar especificamente:

1. Nome da empresa.
2. Proxecto de I+D+i.
3. Contía da inversión.
4. Creación de novos postos de traballo vinculados a inversión.
5. Localización de inversión.
6. Contía das subvencións e outras axudas públicas recibidas.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/11/2016 15:48:12

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1013(10/POC-001896)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos á potencia eólica instalada en Galicia desde xaneiro de 2009 ata o 10 de novembro de 2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1013
Data envío: 10/11/2016 16:18:21.094



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Cal é a potencia eólica instalada en Galicia dende xaneiro de 2009 ata a data? Detallar por:

1. Nome do proxecto.
2. Megawatios instalados.
3. Ubicación.
4. Empresa titular.
5. Data da autorización definitiva.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2016 16:18:00

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 2718(10/POC-001897)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Torrado Quintela, Julio

Sobre a relación das subvencións e outro tipo de axudas públicas concedidas pola Xunta de Galicia á empresa Mar de Silleda, S. L., (Baiona-Pontevedra) dende xaneiro de 2009 ata a actualidade



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:58
Nº Rexistro: 2718
Data envío: 29/12/2016 10:58:24.922



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Cal é a relación de todas as subvencións e calquera outro tipo de axudas públicas concedidas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia á empresa *Mar de Silheiro S.L.* (Baiona – Pontevedra) dende xaneiro de 2009 ata a actualidade? Especificar en cada unha delas:

- 1.- Data de concesión da axuda.
- 2.- Organismo que concede a axuda.
- 3.- Contía da axuda.
- 4.- Obxectivo da axuda.
- 5.- Cumprimento das obrigacións adquiridas pola empresa a hora de obter a axuda.

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Julio Torrado Quintela
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/12/2016 10:57:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:58
Nº Rexistro: 2718
Data envío: 29/12/2016 10:58:24.922



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2016 10:58:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 3720(10/POC-001890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a recuperación económica e o fomento do emprego no
pequeno e mediano comercio



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3720
Data envío: 18/01/2017 18:54:41.057



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Alvarez deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O comercio en Galicia é unha das nosas maiores fontes de riqueza e cohesión social. A súa importancia, non só para a economía senón tamén dende o puntos de vista social e urbano, está fóra de toda dúbida.

En Galicia, o peso do comercio na economía é superior ao conxunto da Unión Europea, alcanzando arredor do 12 % do PIB total e preto do 18 % do emprego.

O Goberno galego aprobou un Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015 – 2020, cuxo obxectivo fundamental era o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan para a súa contestación por escrito, as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego elaborar e presentar un plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio?

2ª) Contempla a posibilidade de presentar axudas para a mellora da competitividade do pequeno e mediano comercio?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3720
Data envío: 18/01/2017 18:54:41.057



 Grupo Parlamentario

3ª) Que medidas ten pensado implantar para o fomento do emprego neste sector?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/01/2017 18:49:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/01/2017 18:50:10

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 5786(10/POC-001898)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o proceso e os criterios seguidos para a elaboración dos proxectos presentados polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no financiamento vinculado ao Plan de estímulo á economía europea, coñecido como Plan Juncker, así como a participación da Xunta de Galicia e dos axentes económicos privados no seu deseño



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:53
Nº Rexistro: 5786
Data envío: 28/02/2017 09:53:39.445



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O plan anunciado polo novo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker continúa avanzando na súa materialización, e si ben, a idea inicial de formular, despois de fortes presións dende a esquerda europea, un *Plan de estímulo á economía europea* de ata 315.000 millóns de euros nun prazo de tres anos, tería que activarse a mediados do ano 2015, pero adíuse ata o comezo de 2016.

Mentres que o resto dos investimentos terán que ser de carácter privado; e mesmo os multiplicadores da inversión que se están a utilizar son na nosa opinión, excesivamente optimistas. Pero o certo é que os fondos, escasos, procedentes deste plan están aí e os diferentes gobernos deberían de mostrar, nun contexto social e económico como o actual, a maior dilixencia na súas propostas de planificación e xestión.

Este futuro plan que terá un paquete de inversión centrado en infraestruturas de transporte, I+D+i, banda ancha, enerxía e reindustrialización xa deixou en evidencia ao Goberno de España nun primeiro momento, por que o noso, foi o único país que presentou un listado de posibles proxectos, sen o mais mínimo apoio técnico, e mesmo descritivo. Mesmo recoñecendo a escaseza dos fondos públicos (21.000 millóns de euros), a España lle corresponderían algo máis de 2.000 millóns de euros, e a Galicia algo máis de 100 millóns de euros, en termos “per cápita”.

Se temos en conta que o ministro De Guindos declarou o 22 de decembro de 2014 que o importe dos proxectos españois para o *Plan Juncker* supoñen case 53.000 millóns de euros, un enfoque na nosa opinión excesivamente optimista, salvo que o Goberno de España faga unha forte aposta pola inversión pública que ata o de agora non fixo, a Galicia lle corresponderían inversións en torno aos 2.500 millóns de euros.

Xa a finais de 2016, os 28 acordaron ampliar o *Plan Juncker* ata 2020, cun novo obxectivo, mobilizar 500.000 millóns de euros de inversión para financiar novos proxectos. A idea é priorizar os destinos nas Pemes, o sector enerxético, investigación e desenvolvemento, sector dixital ou transportes.

Neste mesmo mes de febreiro de 2017, o Goberno de España vén de declarar que o nos país é o principal beneficiario do *Plan Juncker*, e considera moi satisfactorio que se teñan financiado no primeiro ano de aplicación 27 proxectos en España, cunha inversión total de 2.866 millóns de euros, o 11,55 % da cantidade mobilizada (falaríamos de en torno 140 millóns de euros que lle corresponderían a Galicia).

Sería imprescindible que ante estes novos escenarios, e tendo en conta a absoluta opacidade do Goberno galego en relación con estes fondos, tivera unha participación activa nunha nova planificación á hora de optimizar o rendemento económico e social das mesmas para a nosa poboación á hora do seu desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Recibiu o Goberno galego por parte do Goberno de España algunha petición de achegas de prioridades de inversión á hora de presentar os proxectos estatais para recibir axudas procedentes do *Plan Juncker*?
2. Producíronse reunións de traballo entre os dous gobernos e os axentes económicos privados en torno a este tema?
3. Cales foron os criterios e prioridades de inversión que formulou o Goberno galego, ante as demandas dos axentes económicos privados?
4. Foi receptivo o Goberno de España a estes criterios e prioridades de inversión?
5. Na fase de elaboración dos proxectos presentados polo Goberno de España, susceptibles de recibir axudas procedentes do Plan Juncker,



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2017 09:53
Nº Rexistro: 5786
Data envío: 28/02/2017 09:53:39.445



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

cal ten sido a participación do Goberno de Galicia no deseño dos que afectan a nosa comunidade?

6. Cal ten sido a participación dos axentes económicos privados no deseño destes proxectos?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/02/2017 09:51:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/02/2017 09:51:20

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 6429(10/POC-001891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6429
Data envío: 09/03/2017 19:10:59.568



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No pleno celebrado os días 12 e 13 de decembro de 2016 nesta Cámara o Grupo Parlamentario Popular presentou unha Proposición non lei, sobre a creación dunha tarxeta específica para peregrinos, a que se presentaron emendas por parte dos grupos parlamentarios da oposición, das que só foi aceptada como emenda de adición a presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, quedando o texto aprobado do seguinte xeito:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

Á creación dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela, que aglutine diferentes servizos de interese para os peregrinos e que inclúa, entre outros: entrada única nos museos, facilidades no transporte público, descontos en actividades culturais, de ocio e restauración en comercios e tendas de produtos galegos e de artesanía de Galicia e nos mercados de abastos.

A que presente no Parlamento de Galicia, nun prazo de 3 meses, un programa ben estruturado da implantación da tarxeta do peregrino, no que se teñan en conta para a súa elaboración, entre outros colectivos, as asociacións de comerciantes, hostaleiros, etc., e no que se establezan as seguintes: onde e como conseguila; órgano responsable da súa distribución; financiamento, ámbito de aplicación...”.



 Grupo Parlamentario

En relación con esta cuestión os deputados que asinan queren saber:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Pasado xa un tempo deste acordo do Pleno, en que fase está a elaboración da tarxeta do peregrino?

2ª) Teñen previsto algún prazo para a implantación da dita tarxeta?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/03/2017 19:05:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/03/2017 19:06:12

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 6837(10/POC-001892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a relación de polígonos industriais que se van dotar de redes de banda larga ultrarrápida dentro do Plan de banda larga de Galicia 2020, así como a dos que van dispor de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:03
Nº Rexistro: 6837
Data envío: 20/03/2017 18:03:51.738



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

1ª) Cal é o listado de polígonos industriais aos que se dotará de redes de banda larga ultrarrápida dentro do *Plan de Banda Larga de Galicia 2020*?

2ª) Cal é o listado dos polígonos industriais que disporán de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/03/2017 18:03:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2017 18:03:14

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.8 7003(10/POC-001899)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas polo Goberno galego a todas as empresas do grupo Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:34
Nº Rexistro: 7003
Data envío: 23/03/2017 16:34:58.262



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Álvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O conselleiro de Emprego, Economía e Industria da Xunta de Galicia vén de manifestar no Parlamento de Galicia que a empresa Pescanova non tiña recibido fondos públicos do Goberno autonómico.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a totalidade das axudas concedidas a todas es empresas do grupo empresarial Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016?

Desglose no que conste:

- A data de concesión.
- O sociedade destinataria das mesmas.
- A contía das axudas.
- O organismo da Xunta que concedeu a axuda.
- O concepto das mesmas.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:34:01

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.9 7022(10/POC-001901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación do impacto que tería no sector naval galego a proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma, a súa posición en relación co apoio ao sector, ante o anuncio de posibles investimentos desa frota, e as principais liñas de apoio que conformarían esa estratexia, así como o mantemento de contactos cos diversos organismos europeos e do Goberno central ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7022
Data envío: 23/03/2017 17:08:47.284



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez , José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalía, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.

Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrasteiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten avaliado a Xunta de Galicia neste último ano o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros?
2. En caso de non ser así, ten pensado facelo?
3. Si xa se ten producido algunha xuntanza, cal é a posición da Xunta de Galicia a hora de apoiar a este sector ante as anunciadas posibles inversións da flota pesqueira de altura?
4. Ten algunha estratexia definida a curto e medio prazo?
5. Cales serían as liñas de apoio principais que conformarían esta estratexia?
6. Ten mantido contacto cos diversos organismos do Goberno de España que se poderían involucrar no proxecto?
7. E cos organismos europeos?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7022
Data envío: 23/03/2017 17:08:47.284



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:59:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2017 16:59:54

María Dolores Toja Suárez na data 23/03/2017 16:59:59

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2017 17:00:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.10 7254(10/POC-001894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas no ano 2016 nos albergues turísticos e públicos existentes en cada unha das provincias galegas, especificadas por concellos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7254
Data envío: 29/03/2017 19:20:36.386



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os albergues son aloxamentos ben diferenciados con respecto a outros sistemas tanto desde o punto de vista das súas características técnicas como da oferta que presentan aos usuarios, e do papel que xogan en determinados ámbitos como elementos substanciais deses ámbitos como xuventude, camiñantes e sendeirismo.

Se falamos de albergues xuvenís, estes están ligados á práctica de deporte, ocio e vacacións, e cando falamos de albergues do Camiño estamos a falar dun servizo directamente ligado á existencia dos camiños a Santiago e que desde o medievo veñen sustentando a actividade de facer o camiño ás distintas xeracións de peregrinos, ben é certo que con outras fórmulas de hospedaxe propias doutras épocas (pousadas e mesóns).

Os albergues actuais nacen coa revitalización do Camiño no derradeiro terzo do século XX, e supoñen o soporte fundamental para que os distintos camiños teñan a infraestrutura básica que permite a súa viabilidade de tal xeito que, a día de hoxe, non se entende ningún dos camiños sen o fenómeno da existencia de albergues.

Este modelo de aloxamento cun custo baixo e cun plus de convivencia multicultural e vital, supón un modelo de aloxamento totalmente axeitado á actividade de percorrer os camiños a Santiago de tal xeito que ao día de hoxe non se pode entender ningún dos camiños a Compostela que non dispoña de albergues.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7254
Data envío: 29/03/2017 19:20:36.386



 Grupo Parlamentario

1ª) Cantas inspeccións se realizaron durante o ano 2016 nos albergues turísticos en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

2ª) Cantas inspeccións se realizaron durante o ano 2016 nos albergues públicos en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cales foron as conclusións desas inspeccións, tanto das inspeccións dos albergues turísticos coma das inspeccións dos albergues públicos?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/03/2017 19:10:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2017 19:10:34

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.11 8130(10/POC-001902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das actuacións inseridas no convenio de colaboración asinado co Concello de Ourense para o desenvolvemento dun plan integral de mellora das infraestruturas no polígono industrial das Coíñas, o cronograma dese plan e as medidas que vai levar levar a cabo en materia de prevención de riscos laborais, así como a posta en marcha na X lexislatura de plans de mellora noutros polígonos industrias da provincia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:49
Nº Rexistro: 8130
Data envío: 20/04/2017 12:49:54.922



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A zona industrial das Coiñas, en Ourense, no que na actualidade hai 21 empresas de diferentes sectores con máis de 500 postos de traballo, é o resultado dunha suma de actuacións executadas ao longo dos anos 70 e 80 do pasado século levadas a cabo á marxe do planeamento urbanístico. Como consecuencia da falla de planificación, a día de hoxe estamos ante un espazo de carácter industrial desenvolvido sen dotacións e infraestruturas axeitadas, e con deficiencias nos servizos de complexa resolución.

Por iso, o Plan xeral de ordenación municipal de Ourense, aprobado inicialmente polo Pleno Municipal do 8 de novembro de 2013, contemplaba importantes actuacións neste ámbito, recollidas no artigo 87 da normativa urbanística baixo a denominación Plan especial de mellora do medio urbano do polígono empresarial das Coiñas-O Vinteún, coas seguintes especificacións:

“O Plan especial desenvólvese no ámbito do polígono empresarial das Coiñas-O Vinteún, delimitado en planos de ordenación e coa clasificación de solo urbano. O Plan especial terá o carácter dun plan especial de mellora e acondicionamento do medio urbano, co obxecto de propiciar unha recualificación dos usos de almacenaxe actualmente existentes cara aqueles de carácter terciario e empresarial máis acordes coa posición que este ámbito representa no novo sistema de accesos á cidade de Ourense e a súa integración na trama urbana, así como a mellora do sistema viario, áreas de estacionamento, servizos urbanísticos e mellora ambiental. O Plan especial manterá o actual índice de intensidade edificatoria, tendo como referencia a ordenanza de solo urbano de actividade U.9, cunha altura máxima de tres andares, incluído o baixo que poderá ser incrementada nun andar máis por razóns de composición urbana. En tanto non se aprobe o presente Plan especial os terreos estarán sometidos ás condicións urbanísticas establecidas pola ordenanza U.9 de actividades”.

 Grupo Parlamentario

O 2 de febreiro de 2017 aprobouse no Consello da Xunta o “Acordo polo que se autorizaba a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Concello de Ourense para desenvolver un plan integral de mellora das infraestruturas no polígono industrial do Vinteún (As Coiñas), por un importe total de 700.000,00 €.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións, incluídas no convenio de colaboración asinado co Concello de Ourense para desenvolver un plan integral de mellora das infraestruturas no polígono industrial das Coiñas, ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia?

2ª) Cal é o cronograma deste plan integral de mellora?

3ª) Dentro dos investimentos que vai realizar o Goberno galego no polígono industrial das Coiñas, contéplanse medidas para mellorar a seguridade laboral?

4ª) En caso afirmativo, cales son as actuacións que se van poñer en marcha no eido da prevención de riscos laborais?

5ª) Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha durante esta lexislatura, plans de mellora en máis polígonos industriais da provincia de Ourense e, de ser o caso, en cales vai realizar investimentos?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/04/2017 12:18:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/04/2017 12:18:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:49
Nº Rexistro: 8130
Data envío: 20/04/2017 12:49:54.922



Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 20/04/2017 12:18:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/04/2017 12:18:42

María Luisa Pierres López na data 20/04/2017 12:18:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.12 8447(10/POC-001903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a presentación do proxecto para a posta en marcha dun ecobarrio sustentable na Ponte, en Ourense, o orzamento que vai destinar e as axudas e os fondos europeos que vai solicitar para ese fin, así como as axudas que vai establecer para os veciños e a súa estimación respecto do volume de aforro enerxético que se vai acadar con ese proxecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 13:30
Nº Rexistro: 8447
Data envío: 28/04/2017 13:30:19.587



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Pérez Seco e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

É unha realidade a falla de rumbo das liñas directrices do urbanismo no noso país nas últimas décadas, todo elo mentres nunha gran parte do continente europeo emprendían estratexias para definir como integrar os necesarios criterios ambientais e sociais na forma de construír as cidades. Nos países nórdicos, anglosaxóns e centroeuropeos, o proceso cara o urbanismo sustentable pasa pola implicación da cidadanía e do poderoso tecido social na definición dos criterios e temas a resolver polo novo urbanismo.

O señor Feijoo anunciou en Bruxelas a solicitude por parte da Xunta de Galicia de fondos comunitarios para o financiamento dun proxecto de cara a posta en marcha dun ecobarrio sustentable na Ponte, en Ourense. O obxectivo do mesmo será o de aproveitar a enerxía xeotérmica e de biomasa para fornecer de enerxía renovable a 20.000 persoas, e distribuír unha única rede auga quente e calefacción para 35 edificios públicos: incluídos centros de saúde, centros educativos, o polígono industrial, a estación de autobuses, a do AVE ou instalacións deportivas, así como tamén substituír todas as luminarias ou farois en todas as rúas por novas tecnoloxías.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto o Goberno galego presentar o proxecto do ecobarrio da Ponte de Ourense?
2. Cal vai ser o orzamento que o Goberno galego vai dedicar a este proxecto?
3. Que axudas vai solicitar a Xunta de Galicia para a posta en marcha do proxecto do ecobarrio da Ponte de Ourense?

4. No marco de que programa operativo vai solicitar a Xunta de Galicia fondos europeos para a realización deste proxecto?
5. Que axudas destinadas aos veciños e veciñas do barrio da Ponte vai poñer en marcha o Goberno galego para a impermeabilización de cubertas, e adaptación dos sistemas de calefacción e de quecemento de auga ao uso de enerxía xeotérmica e de biomasa?
6. Que volume de aforro enerxético estima a Xunta de Galicia que se vai producir coa posta en marcha deste proxecto?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
José Manuel Pérez Seco
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/04/2017 13:28:10

Raúl Fernández Fernández na data 28/04/2017 13:28:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/04/2017 13:28:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:28:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/04/2017 13:28:45

María Luisa Pierres López na data 28/04/2017 13:28:51